

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 9 de novembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de novembro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investmentos
- D^a. Carmen Pintado Garcia, suplente, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes
- D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 2b, 2c, 3a, 3b, 3c, 5a, 6a, 9a e 10a)
- D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2e e 3e)
- D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo (asiste aos puntos 9c e 10c)
- D. Secundino Otero Failde, xefe do Servizo Medio Ambiente (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas" (1712-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.
2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
3. SINTRA APLICACIONES Y SERVICIOS DE PINTURA, S.L.
4. URBAN GLOBAL 2018, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 6 de novembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 10 de outubro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 6 de novembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 8 de novembro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 8 de novembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441) por non terse presentado ningunha proposición".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. ORECO BALGON, S.A.
4. PROSEMA NOROESTE, S.L.
5. SOTEGA NOROESTE, S.L.
6. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. BIGLAB, S.L.U.
2. CARROFESTA, S.L.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. OBJETIVO TARSYS, S.L.
 2. TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.
 3. UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. ARIAS AVOGADOS: En concreto deberá presentar un novo DEUC, asinado polo representante, no que cumprimente:
 - Na Parte II, no Apartado C: "Información sobre o recurso á capacidade de outras entidades" a resposta á pregunta: "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" .
 - Na Parte III, no Apartado C: "C: Motivos referidos á insolvencia, os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



conflictos de intereses ou a falta profesional, a resposta á pregunta:
"Conflicto de intereses debido a su participación en el procedimiento de contratación ¿Tiene el operador económico conocimiento de algún conflicto de intereses, con arreglo al Derecho nacional, el anuncio pertinente o los pliegos de la contratación, debido a su participación en el procedimiento de contratación?"

2. SEGURDADES, S.L.: En concreto, o representante do operador económico que figura no DEUC e o asina, e que tamén figura con poderes para contratar no certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECE) (D. Eduard Domingo), non é o mesmo que ven indicado no Anexo II e que firma este Anexo (D. Xavier Cabré Boronat). Se o representante con poder de representación é o indicado no DEUC e no ROLECE, o licitador deberá presentar un novo Anexo II, asinado por este, e no que se indique que D. Eduard Domingo é o representante. Se, pola contra, o representante con poder de representación é D. Xavier Cabré Boronat deberase indicar tal circunstancia no DEUC que presentará, novamente, firmado por este.
3. TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.: En concreto deberá presentar:
 - Un novo Anexo III cumprimentado cos datos da empresa, e o seu representante, que pon a disposición da licitadora os medios externos. Este documento estará soamente asinado polo representante da devandita empresa. No Anexo III presentado figura que é TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. a que declara que o terceiro pon a disposicións os medios, cando é o terceiro o que debe facer esa declaración. Ademais tamén asina o documento, tendo que asinalo unicamente o representante do terceiro.
 - Un novo DEUC da empresa que pon a disposición da licitadora os medios externos, asinado, unicamente, polo seu representante.

f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (9947-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. AMBULANCIAS BANDE, S.L. (Lote 3)
2. AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L. (Lote 3)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (Lote 3)
4. SOLIMUSIC EVENTS, S.L. (Lotes 1 y 2)

3- Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas" (1712-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

Retírase este asunto da orde do día por declarar deserto o procedemento ao non presentarse ningún licitador

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

Retírase este asunto da orde do día por ser necesario solicitar, a tres dos licitadores presentados, a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (9947-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido para o lote 1, único dos lotes que ten sobre B.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico medio en topografía e as enxeñeiras industriais o 6 de novembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U	1.394.675,08 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	1.326.355,35 €
3	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	1.436.351,60 €
4	ORECO BALGON, S.A.	1.397.949,67 €
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	1.328.439,18 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.326.801,88 €
7	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	1.366.245,74 €

Asiste como público á apertura:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN
2. D. Felipe Carrascosa Hernández, en representación de CIVISGLOBAL S.L.U.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaidos (1237-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 6 de novembro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica en actividades turísticas e a concelleira da área de Política Social e Turismo o 30 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo o 6 de novembro de 2023 de valoración da "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (1237-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de novembro, da UTE CAPITEL-EPTISA (Porcentaxe de participación 70 % e 30 %, respectivamente) por superar o limiar establecido para o orzamento para a execución das obras establecido no apartado 16.J do Anexo I -FEC- do PCAP ("O orzamento máximo estimado polo Concello de Vigo para a execución das obras é de 7.169.750,00 euros (IVE excluído). Aquelas proposicións que indiquen un custo da obra proxectada superior a dito limiar serán excluídos da licitación.").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (1237-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	91,90
2	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA S.L.P.U.	79,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.	82,85
2	TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN S.L,	81,00

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Lote 1

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	81,18
3	CINETRONICA, S.L.	54,04

- Lote 2

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00

- Lote 3

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00

- Lote 4

	Licitador	Puntuación
1	MOYPE SPORT, S.A.	97,00
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	26,73

- Lote 5

	Licitador	Puntuación
1	MOYPE SPORT, S.A.	88,43
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	18,93

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2 e 3) e MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.”

11.- Propostas de adjudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

A secretaria informa aos membros da Mesa de que tramitándose este procedemento de acordo coas obrigas derivadas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU, levouse a cabo o correspondente procedemento MINERVA en virtude da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, con aqueles participantes nas fases de valoración de ofertas e proposta de clasificación, figurando, asemade, as correspondentes DACIs no expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de "traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do concello de Vigo obxecto da resolución de axuda de 2/12/2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV da Xunta de Galicia. Financiado polo PRTR-Next GenerationEU".

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo biólogo colexiado 17.124X, Francisco Javier García Quinteiro, da entidade Novocontorno, S.L., CIF B36892842, asinado dixitalmente en data 19/05/2023.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14/07/2023.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 90.537,37 € (IVE 21% engadido), sendo a cota correspondente ó IVE de 15.713,10 €, con cargo a partida orzamentaria de gasto 1721.227.99.13 Control especies exóticas invasoras, proxecto: 23172113.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I - FEC-.*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Mencionar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 23 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 de setembro de 2023 e 17 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306) cun prezo total do contrato de 90.537,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.713,10 euros e coas seguintes condicións:

A.1. Traballos de control de Arundo donax, Cortaderia selloana e Canna indica								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
A.1.1.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	2,12	m2	2,12	m2	8839,09	m2
A.1.1.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	53,92	und	53,92	und	4097,92	und



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A.1.1.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	4,86	m2	4,86	m2	2579,15	m2
A.1.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL DO REBROTE								
A.1.2.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	0,66	m2	0,66	m2	2751,79	m2
A.1.2.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	20,52	und	20,52	und	1559,52	und
A.1.2.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	3,22	m2	3,22	m2	1708,82	m2
A.1.3. ACTUACIÓNS DE CUBRICIÓN XEOTÉXTIL BIODEGRADABLE								
A.1.3.1. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Arundo donax</i> para evitar o rebrote.	3.000,00	m2	3,90	m2	3,90	m2	11700,00	m2
A.1.3.2. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Canna indica</i> para evitar o rebrote.	300,00	m2	3,71	m2	3,71	m2	1113,00	m2
A.2. Traballos de control e entresaca de Acacia melanoxylon								
A.2.1 Actuacións sobre acacia no Monte da Guía.	1.500,00	m2	4,12	m2	4,12	m2	6180,00	m2
A.2.2. Extracción, transporte e descarga dende o monte da Guía á bacía do Lagares	25,00	m3	41,03	m3	41,03	m3	1025,75	m3
A.2.3. Actuacións sobre acacia na bacía do Lagares.	200,00	Und	26,20	und	26,20	und	5240,00	und
A.3. Traballos de estabilización da ribeira na bacía do Río Lagares								
A.3.1. Actuacións de estabilización da ribeira Lagares	61,00	ml	156,11	ml	156,11	ml	9522,71	ml
A.4. Traballos de apeo exemplares secos, corte regular de troncos e empillado no Monte da Guía								
A.4.1. Actuacións apeo de troncos secos, corte en seccións e empillado. Ramas trituradas	15,00	und	179,19	und	179,19	und	2687,85	und
A.5. Traballos de control de Tradescantia fluminensis na contorna da Fervenza de Bouza Fría (Bembrive)								
A.5.1. ACTUACIÓN INICIAL DE ELIMINACIÓN DA ESPECIE								
A.5.1.1. Actuacións de control e erradicación de Tradescantia fluminensis	903,57	m2	6,95	m2	6,95	m2	6279,81	m2
A.5.2. ACTUACIÓN CONTROL DO REBROTE								





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A.5.2.1. Actuacións de control e erradicación de Tradescantia fluminensis	903,57	m2	2,49	m2	2,49	m2	2249,89	m2
---	--------	----	------	----	------	----	---------	----



A.6. Traballos de reparación da baixada graduada con pasos de madeira								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
	A.6.1. Actuacións de reparación da madeira e adecuación da baixada/subida na contorna da Bouza Fría. Incluindo varanda de madeira con postes cementados con base en dado de formigón de 0,40 x 0,40 x 0,40 cm ou espichados no solo > 50 cm. Con corda de cáñamo unindo os postes da varanda.	15,00	ml	322,83	ml	322,83	ml	4842,45

B. TRABALLOS DE SINALIZACIÓN

B.1 TRABALLOS DE SINALIZACIÓN								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
	B.1.1. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 1.500 mm. Colocación incluída, tanto da información coma o poste.	17,00	und	75,81	und	75,81	und	1288,77
B.1.2. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 2.200 mm. Colocación incluída. Colocación incluída, tanto da información coma o poste	3,00	und	89,78	und	89,78	und	269,34	und
B.1.3. Cartel en A3 impreso en dibond laminado brillo antigrafito para a divulgación das accións e a súa financiación	3,00	und	52,06	und	52,06	und	156,18	und
B.1.4. Cartel, deseño impresión e colocación de código qr sobre dibond de 125 x 125 mm de impresión directa laminado brillo con protección antigrafito para a divulgación e sensibilización sobre as accións realizadas.	20,00	und	20,16	und	20,16	und	403,20	und



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:00	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD41-CHD63C-3DDBC5-E7B952-3AN5KG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		